Trasalba 28 do Nadal do 1945.

Sr. D. Antonio Fráguas.
Sant-Yago

Meu querido amigo moi lembrado: Recibín fai tres días, mais deico hoxe non puden escribirlle os dous Boletíns da Universidade. Moito llos agradezo. Descoido que sobre o día 4 ou 5 estarán devoltos. O traballo de Montero Díaz é importante. Con todo paréceme que reduce por demais o asunto e abusa das citas de Feixoó. A isto hai que buscarlle as ideas ao través da proexma e follateira de tantos escritos pois ao millor di algo significativo onde menos se pensa. Xa procurarei o outro traballo. Estou moi contento co que me mandou.

Que teña moi ditoso Aninovo en compaña da sua dona e lembranzas pra entrambos da miña e da miña nai.

Xa podía ir Vde dándonos algunha proba dos Colexiales de Fonseca. Ás veces con un anticipo trabállase logo con mais gosto. E iso que a cociña privada ma dan moito traballo. Algunhas veces - porque as finanzas da aldea seguen un ritmo arcaico e desproporcionado ca vida - penso en adicarme a ela co latín, mais supoño que non m'o consentirían. Eí qui no meio da chuvia traballo moito. Son milleiros de cousas as que xurden de cada discurso de Feixoó. Xa veremos.

Reciba unha forte aperta de seu amigo de sempre

R Otero Pedrayo